

de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o orzamento de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa valoración das reformas que se pretenden realizar, formular informe sobre a súa concesión.

2. Gozarán dunha bonificación de entre o 50% e 95% na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá dita declaración así coma fixación do porcentaxe de bonificación, ao Pleno da Corporación en función das circunstancias concorrentes en cada caso, e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto as construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación administrativa.

Dita bonificación terá carácter rogado, a solicitude do suxeito pasivo. Presentada a solicitude para a aplicación de dita bonificación, corresponde aos Servizos Municipais de Urbanismo, previa valoración das reformas que se pretenden realizar, formular informe sobre a súa concesión.

4. As bonificacións previstas no presente artigo non será aplicables simultaneamente.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando se solicite a preceptiva licenza se practicará unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co coste estimado do proxecto.
2. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e atendendo ao coste real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras que serviu de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no prazo dun mes, declaración complementaria e a ingresar o importe resultante.

ARTIGO 9. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións reguladoras da materia.

ARTIGO 10. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións, será aplicable, segundo o dispón o artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a regulación contida na Lei 58/2003, xeral tributaria, e demais disposicións que a complementen e a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza Fiscal consta de dez artigos, e unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata que se modifique ou se derogue expresamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta ordenanza fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo Concello de Ponte Caldelas acórdase a imposición e ordenación da Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza de rúas particulares, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúen o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, inmobles desocupados e obras. Así mesmo constitúen o feito imponible desta Taxa, a monda de pozos negros e a limpeza en rúas particulares.

A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou se a recollida ou vertido esixe a adopción de especias medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2.—A recepción do servizo de recollida do lixo ten carácter obrigatorio para tódolos inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.

3.—Non está suxeita á Taxa os seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais localizados nos lugares, pra-

zas, rúas e vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso en precario.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5º. BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

1.—A cota da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no presente artigo.

2.—A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

TIPOS DE USO	COTA ANUAL
00-LOCAL SEN ACONDICIONAR, EN OBRA, RUÍNA.....	0,00 €
01-VIVENDAS (ANEXO I)	
1.Casco urbano	65,00 €
2.Rural.....	45,00 €
02-ACTIVIDADES COMERCIAIS MENORES:PROFESIONAIS, ARTÍSTICAS E SERVIZOS (ANEXO II)	
1.Casco urbano	80,00 €
2.Rural.....	50,00 €
03-HOSTELERÍA MENOR (ANEXO III)	
1.Casco urbano	120,00 €
2.Rural.....	60,00 €
04-ACTIVIDADES INDUSTRIAIS: BANCOS, RESTAURANTES, SUPERMERCADOS (ANEXO IV)	
(ANEXO IV)	160,00 €

3.—No caso de comercio ou industria non especificados nesta ordenanza aplicaráselle a tarifa que lle sexa máis afín.

4.—Nos establecementos ou locais onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nos epígrafes e seus anexos tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica, tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

No caso das vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica dos epígrafes 02 ou 03, a vivenda tributara polo seu uso e o local polo seu sempre que dispoña de acceso directo dende a rúa, independente do da vivenda. O cesar a actividade causará baixa no Padrón fiscal tributando só a vivenda.

5.—Con independencia de se o edificio dispón ou non de división horizontal, tributará por cada un dos usos especificados nas claves conforme resulte da súa distribución interior.

ARTIGO 7º. EXENCIONES E BENEFICIOS FISCAIS

Soamente admitiranse nesta taxa as exencións e os beneficios fiscais que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 8º. DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de

recepçión obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do ano natural agás que o inicio da prestación se producise con posterioridade a dita data, en que se producirá ese mesmo día. Neste suposto o importe da cota prorratearase por meses.
3. Cando se trate de servizos non periódicos, devengarase a taxa e nacerá a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade

ARTIGO 9º. LIQUIDACIÓN

1. No caso de servizos periódicos a taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón conforme ao artigo anterior.

No caso de que se utilice o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no Padrón e, no seu caso, liquidarase os períodos atrasados que procedan dentro do prazo de prescriçión da Lei Xeral Tributaria, e notificarase para o seu abono aos interesados, producíndose a alta no Padrón fiscal no ano seguinte.

2. No caso de servizos non periódicos, a liquidación da taxa cuantificarase no momento da presentación da solicitude de prestación ou en momento posterior pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

Cando se trate de servizos ou actividades cuxa liquidación non se pode cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar a taxa axiña que se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 10º. INGRESO

1. Unha vez producida a alta no Padrón fiscal a instancia de parte ou de oficio a taxa exaccionarase con carácter anual nos prazos e lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.
2. No caso de servizos non periódicos, cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación pódese realizar antes da prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na Tesourería Municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

Cando se trate de liquidacións cuxa cuantificación non poder realizar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, realizarase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

ARTIGO 11º. NORMAS DE XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a efectuar declaración de alta no Padrón fiscal no prazo de trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, presentando declaración de alta e ingresando a cota do ano correspondente prorrateada por meses.

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a formular declaración de baixa ou variación no Padrón da taxa. O prazo para efectuar a declaración será ata o último día do ano en que se produza, producindo efectos no Padrón do ano seguinte.
3. O incumprimento do disposto no apartado anterior conlevará obriga do pago da taxa sen que se teñan en conta ditas alteracións.
4. As baixas no Padrón produciranse pola desaparición física do obxecto tributario, polo cese da actividade debidamente comunicada, ou pola declaración de inhabilitabilidade ou ruína, prorrateándose a cota por meses, a partir do seguinte ao da declaración, sen que se poida ter en conta para períodos anteriores xa devengados e facturados.

ARTIGO 12º. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta modificación da ordenanza fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza fiscal Reguladora da Taxa de recollida do lixo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal consta de 12 artigos e, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP, entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata que se modifique ou se derogue expresamente.

ANEXOS

ANEXO I

- Vivendas ocupadas ou desocupadas; Bungalows, Galpones, Alpendres (en fincas sen construción principal con uso distinto ou meramente agropecuario, aínda que teñan un uso temporal).

ANEXO II

- Establecementos adicados a venta en xeral (abonos, alimentación, mercadorías, calzados, roupa e similares)
- Academias de ensino, autoescolas
- Aluger de coches, Axencias de viaxes.
- Estudos arquitectura, despachos de abogado
- Asesorías, contabilidade, seguros, xestorías
- Asociacións sociais, culturais e deportivas
- Exposición e venta coches, motocicletas, cociñas...
- Clínica dental
- Confeitería, pastelería, lambetadas, panaderías adicadas a venta
- Copistería, prensa, quioscos
- Decoración e interiorismo
- Estación autobuses
- Estancos, loterías
- Farmacias, consulta médicos
- Fotografía, informática, librerías
- Garderías, escolas, institutos de ensionanza
- Inmobiliarias
- Notaría; nutrición e dietética-venta;
- Oficinas; ópticas; organización nacional de cegos; ortopedia.
- Pompas fúnebres
- Salóns de beleza; sanatorios; saunas e masaxes
- Teatros
- Tintorerías
- Veterinaria-consulta; video club; viveiros de plantas;

- ximnasios; xeladerías; xogos recreativos

ANEXO III

- Café-bar (con o sin comidas), cafeterías; casas de comidas
- Hamburgueserías, bocaterías
- Pizzerías;pub
- Taberna

ANEXO IV

- Talleres (automóbil, bicicletas, cadros e molduras, reloxería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)
- Bancos e Caixas de aforro.
- Hoteis, hostais, hospedaxes, casas de turismo rural.
- Restaurante, churrasquería, mesón.
- Discotecas, salas de festa, salóns de baile.
- Elaboración e envasado de viños, produtos cárnicos, etc..
- Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías
- Imprentas
- Laboratorios
- Maquinaria industrial, material construción
- Supermercados
- Servizos técnicos reparación electrodomésticos.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa de rede de sumidoiros, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:
 - a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
 - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depurarlas.
2. Non estarán suxeitas á Taxa os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei,58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que se atopen nos supostos seguintes:
 - a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil do inmovible.
 - b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usurarios dos inmobles do termo municipal beneficiarios de devanditos servizos, calquera que sexa o seu título polo que o faga.